# Actividades



**1.** Completa estas palabras con *extra-* ou *estra-*. Ten en conta que *extra-* é un prefixo que significa 'fóra de' ou 'moi', mentres que *estra-* non é ningún prefixo.

- extraordinario
- estrada
- estranxeiro
- estrañeza
- extrasensible
- estradense
- extrapolar
- extraditar
- estragar
- extravertido
- extrauterino
- extraxudicial
- estralo
- estratexia

**2.** Completa estas palabras con *ex-* ou *es-*. Ten en conta que *ex-* é un prefixo que significa 'fóra de' ou 'que foi e xa non é', mentres que *es-* non é ningún prefixo.

- ex portar
- es pírito
- es premer
- ex -presidente
- ex propiar
- es pectáculo
- ex poñer
- es drúxula
- ex cursión
- ex -conselleira
- es pertar
- es culpar
- es cusa
- ex pulsar

**3.** Completa estas oracións coas palabras das actividades anteriores axeitadas. Coida o uso de «s» e de «x».

- Os nenos do colexio farán mañá unha excursión ás Cíes.
- Van expropiar varias leiras nesta zona para construír un centro médico.
- Aquel dianteiro marcou un gol extraordinario caneou cinco xogadores e mais o porteiro.
- A palabra «automático» é esdrúxula
- Xurxo ten un carácter moi extravertido gústalle falar e sempre coñece xente nova.
- Que tiveses moito traballo non me parece escusa para faltar á voda de Antón e Clara.
- Este teléfono ten unha antena extrasensible que permite maior cobertura.
- Os avogados das dúas partes chegaron a un acordo extraxudicial para resolver o conflito.
- Bill Clinton, ex presidente dos Estados Unidos, dará mañá unha conferencia en Compostela.
- Se imos facer zume para todos, hai que espremer polo menos tres quilos de laranxas.
- Onte fomos ver ao teatro un espectáculo de maxia.
- Non lle deas golpes ao meu ordenador portátil, aínda o vas estragar.
- Din que van expulsar a Carlos do colexio polo seu mal comportamento.
- A estrada que vai de Valdoviño a Cedeira está chea de curvas.
- Ese empresario dedícase a importar e exportar todo tipo de mercadorías.

**4.** Localiza nesta sopa de letras as palabras definidas. Todas elas levan «s» ou «x».

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S | U | N | F | E | O | B | O | S | X | U |
| I | R | B | H | D | B | A | X | E | A | N |
| E | S | P | R | E | M | E | D | O | R | T |
| X | E | O | B | E | X | A | U | X | A | E |
| A | X | E | S | T | R | A | Ñ | O | M | I |
| S | T | C | H | I | X | U | G | A | P | X |
| T | E | S | C | A | V | A | R | O | O | A |
| R | T | F | R | X | A | S | M | I | N | S |
| E | O | G | A | Z | C | H | E | S | U | O |

- Dise da persoa que oe pouco ou que non oe nada. → xordo
- Extraer terra dun lugar facendo un oco grande no terreo. → escavar
- Raro, diferente de como adoita ser. → estraño
- Flor en forma de funil, branca e moi recendente. → xasmín
- Enfermidade contaxiosa producida por un virus, que se manifesta pola presenza de manchas rubias na pel. Tamén se di *sarampelo*. → xarampón
- Aparello que serve para espremer laranxas, limóns e outros froitos semellantes. → espremedor
- Polígono de seis lados e seis ángulos. → hexágono
- Substancia untuosa contida en certos tecidos animais e vexetais: sebo, manteiga, aceite... → graxa
- Persoa que se dedica a facer roupa para home, sobre todo traxes, e ás veces para muller. → xastre
- Conxunto musical de seis membros. → sexteto

**5.** Ofrece palabras da familia léxica das seguintes.

[redacted] — graxo, graxento/a

[redacted] — escavación, escavadora

[redacted] — excesivo/a, excesivamente

[redacted] — estrañeza, estrañar

— Crea oracións combinando con sentido algunhas das palabras anteriores.

- A comida estaba excesivamente graxenta.
- A escavación tivo que paralizarse polo ruído excesivo.
- Vou estrañar non poder conducir máis unha escavadora.
- Miroume con estrañeza cando no supermercado preguntei onde estaban os xampús para cabelo graxo.

**6.** **Escribe unha oración con cada unha das seguintes palabras. Despois le as oracións en voz alta pronunciando estas voces adecuadamente.**

[redacted]

- Cando empece a ferver a auga, retira o testo da pota.
- Tivemos que traducir un texto de Rosalía de Castro

[redacted]

- Hoxe ás sete da mañá xa estaba esperto
- Estudou tanto que é un experto nese tema

[redacted]

- Por precaución, hai que apagar ben os mistos antes de tiralos
- Hoxe xantei un sándwich mixto e unha ensalada.

[redacted]

- Non é recomendábel dormir sestas longas.
- É a sexta vez que che chamo a atención hoxe

[redacted]

- Levei un golpe no esterno e agora dóeme todo o peito.
- É un problema externo que non nos afecta.

**7.** **Completa estas oracións poñendo «s» ou «x» onde proceda.**

- Durante a eScavación deste eXtenso castro atoparon uns obXectos eStraños.
- Para facer este traXe, o Xastre eStendeu sobre a mesa, sen eXaXerar, tres metros de tea.
- O ruído desa eScavadora eSpertoume da seSta e case me deiXa Xordo.
- Ese camareiro eStranXeiro preparoume un zume de laranXa cun eStraño eSpremedor.
- Hai que eXtremar a limpeza na cociña, por iso é urXente limpar a graXa do eXtractor.
- Aínda que padezo vertiXe, desde esta corniXa veXo unha eXtensa panorámica do val.
- Acabamos de fichar un eXcelente eXtremo dereito, pero hai que ser eXiXente con el.
- Paréceme eXcesivo que no hospital che quiXeSen eXtirpar o eSófago.
- O prestiXioso violinista do seXteto de corda precisou oXiXeno despois da actuación.
- Grazas aos eXtintores, o incendio non se eStendeu máis alá da viXésimoseXta planta.